

Orde do día dos asuntos que se van tratar na sesión ordinaria da Xunta de Goberno que terá lugar o vindeiro venres, 2 de febreiro de 2018, ás DOCE HORAS.

ASUNTOS

Actas

1.-Aprobación da acta da sesión anterior, número 2/2018, do 19 de xaneiro.

Asesoría Xurídica

2.-Toma de coñecemento da resolución da Presidencia pola que se dispón a comparecencia no recurso PA 253/2017, do Xulgado do Contencioso Administrativo nº 4 dos da Coruña, interposto por D^a Ana María Ferreiro Río, sobre sanción de tráfico do Concello de Carballo.

3.-Toma de coñecemento da resolución da Presidencia pola que se dispón o acatamento da sentenza do Xulgado do Contencioso Administrativo nº 4 dos da Coruña, do 11/01/2018, recaída no recurso nº PA 181/2017, interposto por don Francisco Gude Sampedro, sobre tributos.

4.-Toma de coñecemento da resolución da Presidencia pola que se dispón o acatamento da sentenza do Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 dos da Coruña do 16/01/2018, recaída no recurso nº PA 67/2017, interposto por Urban Servicios Inmobiliarios, SL, sobre tributos.

5.-Toma de coñecemento da resolución da Presidencia pola que se dispón a comparecencia no recurso PA 235/2017, do Xulgado do Contencioso Administrativo nº4 dos da Coruña, interposto por don Ramón Mosquera Iglesias, contra o Consorcio As Mariñas, sobre a taxa de recollida de lixo.

6.-Toma de coñecemento da resolución da Presidencia pola que se dispón a comparecencia nos autos nº 4/2018, do Xulgado do Social nº 4 dos da Coruña, seguidos a instancia de don Constantino Simeón Zaera Castro, sobre mobilidade xeográfica.

7.-Toma de coñecemento da resolución da Presidencia pola que se dispón a comparecencia no procedemento concursal nº 450/2016, que se tramita ao debedor don Evaristo Cagiao Sánchez.

8.-Toma de coñecemento da resolución da Presidencia pola que se dispón a comparecencia no procedemento concursal nº 52/2016, que se tramita á entidade Equilibra Salud, SL.

9.-Toma de coñecemento da resolución da Presidencia pola que se dispón a comparecencia no procedemento concursal nº 675/16, que se tramita á entidade Proman Servicios Generales, SL.

10.-Toma de coñecemento da resolución da Presidencia pola que se dispón a comparecencia no procedemento concursal nº 292/16, que se tramita á entidade Inversiones Cabriales, SL.

Servizo de Asistencia Técnica a Municipios

11.-Aprobación do informe sobre o Plan especial de equipamento en solo rústico Sporting Club Casino no Concello de Culleredo.

12.-Aprobación do informe sobre o recoñecemento de treitos urbanos nas estradas de titularidade provincial que atravesan os núcleos rurais de Frades.

Servizo de Planificación e Xestión de Recursos Humanos

13.-Aprobación da oferta de emprego público 2017.

Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes

14.-Aprobación da segunda modificación das bases reguladoras das convocatorias de subvencións dirixidas a entidades privadas (iniciativa social sen ánimo de lucro ou de carácter mercantil), da Deputación Provincial da Coruña, ano 2017.

15.-Aprobación das bases reguladoras do programa de subvencións a concellos e entidades locais para o mantemento de conservatorios, escolas de música e escolas de danza municipais durante o ano 2018, complementarias das bases reguladoras xerais.

16.- Aprobación das bases reguladoras do programa de subvencións a concellos e entidades locais para contratar persoal técnico para a atención de museos e centros de interpretación, durante o ano 2018, complementarias das bases reguladoras xerais.

17.- Aprobación das bases reguladoras do programa de subvencións a concellos e entidades locais para o apoio ao desenvolvemento de festivais audiovisuais, musicais e de artes escénicas na provincia da Coruña, durante o ano 2018, complementarias das bases reguladoras xerais.

18.-Aprobación da cesión gratuíta da utilización do Teatro Colón a entidades sen ánimo de lucro.

ROGOS E PREGUNTAS